


# LIBRO DE RESUMOS



SIMPOSIO ILG 2019

## LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL

**5, 6 e 7 de novembro de 2019**

Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela



## **MÉTODOS DE DOCUMENTACIÓN LINGÜÍSTICA E LÉXICO TRADICIONAL: Á PROCURA DE PALABRAS ESQUECIDAS**

XULIO SOUSA

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

O termo documentación lingüística emprégase na literatura académica para referir tanto o proceso de captura de información lingüística como o resultado deste labor. No seu primeiro sentido, a documentación lingüística constitúuse como unha subdisciplina da lingüística hai só unhas poucas décadas e como consecuencia do rexurdir dos estudos sobre linguas en perigo de extinción. Na presentación faise un repaso xeral dos principios e métodos utilizados nos proxectos de documentación lingüística, de xeito especial naqueles que teñen como obxectivo o estudo do léxico patrimonial. Ademais repararase na repercusión que as tecnoloxías dixitais están a ter sobre a forma en que se documenta a información lingüística.

## **MÁIS ALÁ DA DIVISIÓN CUALITATIVO/CUANTITATIVO: O TRABALLO DE CAMPO ETNOGRÁFICO COMO PROCESO METODOLÓXICO**

CRISTINA SÁNCHEZ-CARRETERO

Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas

A Lingüística e a Antropoloxía comparten moitos puntos en común. De feito, noutras tradicións académicas, como a norteamericana, a Antropoloxía inclúe tanto a Sociolingüística como a Antropoloxía cultural. Esta charla está estruturada en dúas partes. Na primeira farase unha introdución ao método etnográfico e presentaranse as diferenzas entre técnicas cualitativas e traballo de campo etnográfico. Na segunda realizarase un exercicio práctico sobre a observación participante e o diario de campo.

## **PARTICIPAT: UN PROXECTO SOBRE PARTICIPACIÓN E PATRIMONIO**

ANA RUIZ-BLANCH / JOAN ROURA-EXPÓSITO / CRISTINA SÁNCHEZ-CARRETERO / JOSÉ  
MUÑOZ-ALBALADEJO

Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas

O actual contexto de crise está a provocar novas fórmulas de participación en patrimonio, pero tamén a participación está a ser instrumentalizada desde os discursos patrimoniais autorizados. O proxecto “ParticipAT” ([www.participat.org](http://www.participat.org)) analiza os usos, efectos e límites das técnicas participativas na xestión patrimonial. Ao mesmo tempo, está deseñado para introducir bases da Investigación Acción Participativa (IAP) entre as investigadoras do proxecto para o deseño da metodoloxía común. Nesta presentación expoñeranse, por unha banda, os principais resultados dos casos de estudo de ParticipAT relativos ao papel neutralizador dos procesos participativos analizados e, por outra banda, as dinámicas participativas dentro do propio grupo de investigación.



## COMO CONTAR A MEMORIA DO BARRIO DE VITE. O PRIMEIRO CASO DE ESTUDO DE CABILA

MARÍA MASAGUER / PAULA BALLESTEROS / CÉSAR GONZÁLEZ-PÉREZ / MANUEL MIGUÉNS

Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas

Como contar e descubrir a memoria dun barrio a través dun proceso participativo? Como xerar coñecemento sobre prácticas sociais a través de metodoloxías de investigación colaborativa? Estas dúas preguntas son a chave para entender o proxecto Cabila, un proceso metodolóxico no que participan diferentes axentes, que comparten un modo de facer, na procura da visualización dos saberes colectivos desa comunidade.

Cabila é un software, produto da gamificación dunha metodoloxía estándar do campo da enxeñaría, hibridada con traballo de campo etnográfico e tecnoloxías brandas de participación cidadá. Un prototipo experimental construído ao longo do último ano dende o Incipit-CSIC no marco do proxecto Geoarpad. Unha metodoloxía que foi ao mesmo tempo deseñada e aplicada nun proxecto piloto.

O caso de estudo no que nos centraremos tivo lugar no barrio de Vite, onde a comunidade implicada tomou a decisión de deseñar e pór a funcionar o Arquivo da Memoria de Vite. Un arquivo vivo e polifónico no que diferentes axentes do barrio e da cidade están a levar a cabo unha investigación en torno ao seu patrimonio inmaterial.

## UN NOVO RECURSO PARA O COÑECEMENTO DO VOCABULARIO DIALECTAL: *PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA*

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste relatorio é presentar unha nova ferramenta desenvolvida no Instituto da Lingua Galega: *Patrimonio léxico da Gallaecia* (PLG). Este recurso permite a realización de buscas de carácter onomasiolóxico, isto é, por conceptos ('arco da vella', 'orballo', 'fento', 'donicela' etc.), ofrecendo como resultado tanto as diferentes formas que expresan eses conceptos en Galicia, no galego exterior e no Norte de Portugal, como a súa distribución cartográfica. A ferramenta extrae a información léxica e a xeolocalización das variantes doutro recurso desenvolvido no Instituto da Lingua Galega, o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (<http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl>), cuxas características básicas tamén serán expostas para situar axeitadamente os resultados ofrecidos polo PLG. No relatorio presentarase a metodoloxía empregada na elaboración do novo recurso, o seu funcionamento e as súas principais utilidades.



## ***PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA (PLG): XEOLINGÜÍSTICA, DIACRONÍA E ESTANDARIZACIÓN***

ROSARIO ÁLVAREZ

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

O proxecto *Patrimonio Léxico da Gallaecia* reúne no seu banco de datos multitude de variantes (gráficas, fonéticas, morfolóxicas e léxicas) que non pasaron aos dicionarios e/ou á lingua escrita e que por iso están adoito afastadas dos datos lingüísticos considerados polos lingüistas e da norma social. Ademais, o noso proxecto móstraa sobre o territorio, o que permite avaliar tanto a súa localización coma a súa difusión, e mesmo os procesos de substitución en que están incursas. Nel procésanse as *variantes* de xeito que queden reducidas a variantes léxicas sinónimas con distribución xeográfica (*lemas*), sen ocultar por iso a variación nos niveis inferiores.

Pretendemos mostrar a validez destes datos para o coñecemento da historia da lingua e da súa realidade actual, tomando como base os datos achegados para o gal. *escáncer* / port. *licranço* e organizando a multitude de variantes denominativas.

## **O ARADO NO LÉXICO DA EURORREGIÃO DA GALIZA-NORTE DE PORTUGAL**

JOSÉ BARBOSA MACHADO

Centro de Estudos em Letras, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

O arado de tração animal foi uma das ferramentas essenciais na agricultura de Portugal e Galiza até finais do século XX. Ainda hoje é utilizado na pequena agricultura, sobretudo no Minho e em Trás-os-Montes.

Com este estudo, pretendemos fazer o levantamento do vocabulário relacionado com esta ferramenta agrícola existente no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português*. A identificação será feita através do lema ("arado") e do campo semântico correspondente (3.4.2). Pretendemos verificar por um lado os diferentes nomes que lhe são dados, com as suas variantes, e os nomes das partes ou peças de que é composto, procurando definir usos iguais ou semelhantes a nível geográfico.

## **HAI MOITO PEIXE NO MAR: AS DENOMINACIÓNS DA SARDIÑA PEQUENA EN GALICIA E PORTUGAL**

NOELIA GARCÍA / IRMA SILVA

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

A sardiña é un dos peixes con maior tradición de pesca e consumo tanto no territorio galego coma no portugués. A súa popularidade fai que mesmo a cría reciba



designacións propias, entre as que atopamos unha considerable variación. Son estas denominacións para a sardiña pequena o obxecto de estudo da nosa presentación.

Para levar a cabo este traballo baseámonos fundamentalmente nos datos recollidos no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (TLPGP). A partir deles trataremos de identificar as áreas léxicas existentes, máis aló da fronteira xeopolítica, e, así mesmo, abordaremos a motivación semántica para as principais variantes.

## LÉXICO DA VIDE EN GALICIA E NORTE DE PORTUGAL

EDUARDO LOUREDO RODRÍGUEZ

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

O cultivo da vide e a elaboración do viño é unha realidade presente en diversas zonas e territorios de Galicia e o norte de Portugal. O léxico relacionado con esta actividade económica é diverso e constitúe un patrimonio de carácter inmaterial que debemos recoller e estudar. Achegarnos a unha parte do léxico vinícola é un dos obxectivos da nosa comunicación. Nela estudaremos desde unha perspectiva xeolingüística as palabras que designan o froito da vide, o *acio* ou *gacho*, a súa morfoloxía e partes. Para facermos iso basearémonos, fundamentalmente, nos datos incluídos no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*.

## DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DE VARIANTES DO LÉXICO DA AGRICULTURA NO PROXECTO *PGL*

DAVID RODRÍGUEZ LORENZO

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

A agricultura é unha actividade primaria do ser humano, un punto de intersección fundamental entre o home e a natureza. Trátase dun elemento nuclear nas nosas tradicións máis arraigadas e aínda hoxe segue a desempeñar un papel de peso na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal. Comunmente asociados ás formas de vida máis tradicionais, os labores do campo veñen sendo foco de atención da dialectoloxía desde os seus inicios. Son abondosos os estudos feitos neste territorio que se dedicaron a recoller o rico patrimonio léxico relativo aos cultivos, produtos, ferramentas etc.

Aproveitaremos as posibilidades que nos ofrece o proxecto *Patrimonio léxico da Gallaecia* (PLG) para abordar a análise da variación léxica no ámbito da agricultura. Máis concretamente, os datos xeorreferenciados axudarannos a mostrar diferentes patróns de distribución diatópica de variantes tomando como exemplo algúns conceptos de uso común en todo o territorio.



## O TODO E AS PARTES: TRATAMENTO DE HIPÓNIMOS E HIPERÓNIMOS NAS OBRAS LEXICAIS DO NORTE DE PORTUGAL

CARLOS SILVA / PAULA SILVA

Centro de Linguística da Universidade do Porto

Nos séculos XIX e XX, o crescente interesse pela variação dialetal conduziu vários especialistas e também curiosos a constituírem obras que (i) elencam características fonéticas dos dialetos observados e/ou (ii) dicionarizam vocábulos próprios de cada terra.

Uma parte pequena, mas importante deste trabalho de registo do léxico, era o tratamento de hipónimos e hiperónimos, isto é, a lexicalização de objetos no todo (hiperónimos) e das constituintes (hipónimos).

Nesta sequência, em primeiro lugar, observaremos o desafio que este processo de dicionarização constituía em termos formais, analisando a forma de apresentação dos dados lexicográficos, quer aqueles que aparecem em lista, quer aqueles representados através de ilustrações, bem como as consequentes dificuldades de transferência destes dados para a base do *Tesouro do léxico patrimonial galego e português*.

De seguida, faremos uma análise mais conteudística, que destacará os campos semânticos mais propensos a este tipo de tratamento, nomeadamente no que toca à agricultura e à vida doméstica, mas que também pode cobrir, nalguns casos, aspetos físicos dos seres humanos.

Por fim, tentaremos estabelecer algumas correspondências em termos de geossinónimos no que diz respeito aos hipónimos e hiperónimos observados nos concelhos de Torre de Moncorvo, Ponte de Lima, Porto, Vila Real, entre outros.

## TRABALLAR CON LÉXICO NAS AULAS: O PROGRAMA *LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL*

SÓNIA VALENTE RODRIGUES / MARTA NEGRO ROMERO

Centro de Linguística da Universidade do Porto / Instituto da Lingua Galega,  
Universidade de Santiago de Compostela

Debido ás profundas mudanzas socioeconómicas das últimas décadas, as xeracións máis novas descoñecen moito do léxico tradicional vinculado a actividades e saberes que se perderon ou están en proceso de desaparición. Este foi un dos motivos polo que, no marco do proxecto "Patrimonio léxico da Gallaecia" (integrado no proxecto GEOARPAD, programa operativo EP-INTERREG V A España-Portugal, POCTEP), decidimos crear o programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Esta acción intégrase no Plan Proxecta, promovido pola Consellería de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A proposta didáctica pretende achegar o alumnado dos centros participantes ao coñecemento da cultura local e tradicional, para o que se fomenta a súa inmersión na sociedade rural e a súa interacción e diálogo coa veciñanza na procura de léxico herdado sobre nomes e usos tradicionais, tanto materiais como inmateriais. Na nosa comunicación explicaremos a metodoloxía de traballo e o seu interese a nivel educativo.

### **REDONDELA E O MAR**

PILAR CORNES LÓPEZ / ROSA GONZÁLEZ CARBALLÁS / DOLORES MÍGUEZ MONTES /  
ALMUDENA SUÁREZ CERVIÑO

IES Mendiño

O mar sempre estivo presente na vila de Redondela na toponimia, na historia e na vida cotiá. Por este motivo, no IES Mendiño decidimos participar no programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* do Plan Proxecta e traballar de xeito interdisciplinar sobre o mar co alumnado de 3º e 4º da ESO. Na nosa presentación falaremos do proceso de traballo, onde foi fundamental a implicación do alumnado e as familias no coñecemento da contorna e do pasado e o contacto mantido con expertos no tema e membros de asociacións culturais redondelás. Tamén faremos referencia aos distintos traballos de investigación realizados a nivel histórico, científico, antropolóxico e, sobre todo, lingüístico. Por último, exporemos algúns dos resultados destes traballos (elaboración de bandas deseñadas, exposicións, traballos audiovisuais, caderno gastronómico...).

### **À MANEIRA DE ARTESÃO – UM PEQUENO CONTRIBUTO PARA UM GRANDE PROJETO**

IVONE MONTEIRO

Escola Básica e Secundária de Rebordosa

A Escola Básica e Secundária de Rebordosa, do Agrupamento de Escolas de Vilela, é a primeira escola portuguesa a participar no Projeto *Língua, Património e Conhecimento Tradicional* com uma turma, do 10º ano de escolaridade, do Curso Profissional de Técnico de Turismo. Esta colaboração surgiu devido à intervenção do Instituto da Língua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, da professora Sónia Rodrigues do Centro de Linguística da Universidade do Porto e do nosso diretor, Albino Pereira. O léxico relacionado com o trabalho manual da madeira foi o nosso objeto de estudo devido às ligações históricas da nossa região a esta atividade.

Seguimos a metodologia indicada pelo projeto, com entrevistas e tratamento de dados, e realizámos várias ações paralelas, para aumentar o conhecimento dos alunos sobre a



temática da madeira como actividade tradicional, relacionando-a con a preservación do patrimonio e a idea de turismo sustentábel.

### **BÓTAME UN CAPIO**

XULIA MARQUÉS VALEA

CPI de Vedra

*Bótame un capio* é un proxecto de recompilación de léxico patrimonial da Ulla que principiou no curso pasado a iniciativa do EDLG e dentro do programa de dinamización lingüístico-cultural Vedra medra. Este, que se vén desenvolvendo no CPI de Vedra desde o 2016-17, aposta por promover a construción dunha identidade inclusiva a partir do patrimonio local, material e inmaterial, e do diálogo interxeracional nunha comunidade rural.

Cando unha persoa de Vedra nos di "bótame un capio" está demandándonos axuda. Nós, desde as aulas da ESO, estendémoslles á comunidade educativa e á veciñanza unha solicitude de colaboración para iniciar o proceso de recuperación dun léxico parcialmente esquecido polas xeracións máis vellas e descoñecido para as máis novas.

En *Bótame un capio* valémonos de dúas ferramentas de traballo: o cuestionario sobre o viño e a vendima do programa do Plan Proxecta *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* e unha aplicación de creación propia. Dos resultados obtidos e do impacto da actuación falarase no relatorio.

### **PALABRAS DE NOSO**

M<sup>a</sup> DOLORES ALVARIÑO VARELA / FRANCISCO TRASHORRAS LODOS / DOLORES

VÁZQUEZ TORRÓN

CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna decidiu no ano 2009, dentro das actividades que se desenvolveron no centro para fomentar a nosa cultura, empezar unha compilación de palabras patrimoniais da bisbarra. Esta foi a idea inicial, pero, ao final, decatouse de que había recollidas preto de mil voces, non só de Navia, senón tamén de lugares limítrofes, e que tiñan vixencia nestas terras. Falamos de termos que seguen a empregarse na Fonsagrada, Cervantes, Becerreá, Pedrafita e en concellos veciños de fala galega de León e Asturias.

Tratouse de respectar a variante lingüística da zona, manter as palabras tal e como chegaban a nós e, sobre todo, involucrar a toda a comunidade educativa e familiar. Quixemos, deste xeito, poñer o noso gran de area para seguir mantendo a riqueza léxica do país e que a xente moza valore o tesouro lingüístico que aínda se conserva.





## A PONTE CO PATRIMONIO

SANTIAGO VELOSO

Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!

Ponte... nas ondas! é unha asociación cultural e pedagóxica que desde o ano 1995 vén realizando un labor de transmisión e posta en valor do patrimonio inmaterial común a Galiza e a Portugal. En 2020 cumpre 25 anos e ten previsto organizar as seguintes actividades:

- III Certame de Recolla “As imaxes do patrimonio”. Neste certame o alumnado debe elaborar un texto relacionado coa fotografía coa que participe.
- Xornada de radio interescolar do 25 aniversario, prevista para o 27 marzo de 2020, centrada nos diversos ámbitos do patrimonio inmaterial galego-portugués.
- Contidos dos Certames de Recolla da Tradición Oral Galego-Portuguesa, a disposición pública, xunto con xogos interactivos, no portal [www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org)
- Xornada de xogos tradicionais galego-portugueses, en maio de 2020, destinada a transmitir os xogos tradicionais entre as diferentes xeracións e a coñecer o léxico relacionado co patrimonio lúdico.

Na nosa presentación falaremos do labor realizado con centros educativos galegos e portugueses ao longo deste tempo e das diversas propostas levadas a cabo, ademais de mostrar algúns exemplos do traballo co léxico.

### **O FITOFALADOIRO: NOMES E USOS DE PLANTAS NA NOSA TRADICIÓN ORAL. EXPERIENCIAS EN CENTROS EDUCATIVOS**

CARMEN CERVIÑO GÓMEZ / DAVID GARCÍA SAN LEÓN

IES Castro da Uz / Herbario SANT, Universidade de Santiago de Compostela

A crecente desconexión das novas xeracións co rural e a interrupción na transmisión oral dos coñecementos vencellados ao aproveitamento do medio natural ameazan a conservación do saber tradicional acerca dos nomes e usos das plantas propios de Galicia.

Nun intento de conservar este patrimonio, a través do proxecto Fitofaladoiro, estudantes de ensino secundario recorreron a familiares e veciños para documentar o saber popular referente ás plantas da súa contorna. Na nosa presentación, falaremos do proceso de recolla, do rexistro dos datos e dalgúns dos resultados obtidos.